

## IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE FACENDA

*Orde do 16 de xuño de 2010 pola que se resolve a convocatoria de provisión, polo sistema de libre designación, anunciada pola Orde do 30 de abril de 2010.*

Por Orde do 30 de abril de 2010, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 89, do 12 de maio, convocouse a provisión polo sistema de libre designación dun posto de traballo vacante na Consellería de Facenda que se detalla no anexo desta orde.

De conformidade co establecido nos artigos 17.4º e 29.2º do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e no Decreto 93/1991, do 20 de marzo, que aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e demais normativa vixente, esta consellería

#### DISPÓN:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública efectuada por orde desta consellería do 30 de abril de 2010 e designar a funcionaria cuxos datos se sinalan no anexo desta orde para ocupar o posto que tamén se especifica.

Segundo.-O cesamento no actual destino efectuarase, segundo o previsto no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ao da publicación no DOG.

O prazo para tomar posesión do novo destino é de tres días a partir do seguinte ao do cesamento, de tratarse da mesma localidade onde preste servizos actualmente a persoa, ou dun mes se radica en distinta localidade ou de reingreso ao servizo activo, de conformidade co disposto no referido precepto e a base sétima da convocatoria.

O cómputo dos prazos de toma de posesión iniciárase cando rematen os permisos ou licenzas que, de ser o caso, se concedesen á persoa; no caso de incapacidade temporal a partir da data de alta.

Terceiro.-A xefatura de persoal do centro onde cause baixa a funcionaria ou funcionario, así como a daquel en que acada o destino, efectuarán, dentro dos prazos sinalados no punto anterior, as dilixencias de cesamento e de toma de posesión e, deseguida, realizaranse os trámites para a súa alta na nómina.

Das dilixencias efectuadas remitirase unha copia á Dirección Xeral da Función Pública da Consellería de Facenda.

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta consellería, no prazo dun mes

contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou, directamente, recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses desde a mesma data, perante o xulgado do contencioso-administrativo competente, conforme os artigos 8 e 14 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2010.

Marta Fernández Currás  
Conselleira de Facenda

#### ANEXO

-Datos da funcionaria:

Nome e apelidos: M<sup>a</sup> Luisa Cardesín Díaz.

Corpo ou escala: superior da Administración.

NRP: 3274833324 A2060.

Subgrupo: A1.

-Datos do posto de traballo:

Denominación: Subdirección Xeral de Provisión de Postos e Selección de Persoal.

Nivel: 30.

Código do posto: PRC030000315770001.

Centro directivo ou dependencia: Dirección Xeral da Función Pública.

Localidade: Santiago de Compostela.

*Orde do 24 de xuño de 2010 pola que se modifica a Orde do 4 de maio de 2010, pola que se convoca o concurso para a provisión de postos de traballo vacantes na Administración xeral da Xunta de Galicia.*

Mediante Orde do 4 de maio de 2010 da conselleira de Facenda convócase o concurso de provisión de postos de traballo vacantes na Administración xeral da Xunta de Galicia. Unha vez estudada a modificación na Mesa Sectorial de Negociación de Funcionarios e aprobada na Comisión de Persoal, esta consellería

#### DISPÓN:

Primeiro.-Modificar a base I.1 da Orde do 4 de maio de 2010 pola que se convoca o concurso para a provisión de postos de traballo vacantes na Administración xeral da Xunta de Galicia (*Diario Oficial*

de Galicia nº 85, do 6 de maio), que quedará como segue:

I.1. Poderán participar neste concurso:

a) Os/as funcionarios/as dos corpos da Administración xeral da Xunta de Galicia e os/as funcionarios/as dos corpos xerais doutras administracións públicas que reúnan os requisitos exixidos para desempeñar os postos a que se opta, conforme o especificado en cada caso no anexo I desta convocatoria.

b) Os/as funcionarios/as dos corpos de Administración especial que non teñan reservados postos en exclusiva respecto dos postos abertos a xeral/especial que figuren no anexo I.

c) Os/as funcionarios/as dunha escala concreta respecto daquelas prazas en que así se especifique no anexo I.

Segundo.-Os/as funcionarios/as afectados por esta modificación (alíneas b e c da base I.1) disporán dun prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, para a presentación de solicitudes, de conformidade co establecido na base III.1 da Orde do 4 de maio de 2010 pola que se convoca o concurso para a provisión de postos de traballo vacantes na Administración xeral da Xunta de Galicia.

A presentación dunha nova solicitude substituirá, en todo caso, a inicialmente presentada. No caso de non presentar unha nova solicitude entenderase válida a presentada no prazo inicial.

Terceiro.-Modificar, do xeito que a seguir se indica, os prazos recollidos na base IV.1 da Orde do 4 de maio para os/as funcionarios/as afectados por esta modificación que presenten unha instancia no novo prazo de inscrición:

Unha vez presentadas as solicitudes para participar neste concurso, a Dirección Xeral da Función Pública remitirá as claves para consultar os datos que figuran no seu expediente persoal do Rexistro Central de Persoal. No suposto de que, chegado o 19 de xullo, algún/ha interesado/a non teña recibido esta clave, a partir do día seguinte poderá dirixirse á Dirección Xeral da Función Pública mediante fax, solicitando que a clave lle sexa enviada do xeito sinalado no parágrafo anterior.

Do 1 de agosto ao 7 de setembro o participante no concurso deberá xerar o impreso de conformidade ou enmenda.

O impreso de enmenda deberá ser remitido, ata o 7 de setembro, aos servizos de persoal recollidos na base IV. 1 número 1.2 da Orde do 4 de maio de 2010, para a súa certificación.

O participante no concurso deberá remitir á Dirección Xeral da Función Pública, ata o 13 setembro, o

impreso de conformidade, unha vez asinado ou, se é o caso, o orixinal do certificado unha vez asinado pola unidade de persoal correspondente. No caso de que, sendo procedente a súa validación, o impreso de emenda non for certificado antes do 13 setembro por causas alleas ao/á concursante, este achegará xustificación documental de telo solicitado no prazo habilitado para o efecto.

Cuarto.-Os requisitos, méritos e demais circunstancias persoais referiranse ao 26 de maio de 2010, data do peche do prazo de presentación de instancias, previsto na Orde do 4 de maio de 2010 pola que se convoca o concurso para a provisión de postos de traballo vacantes na Administración xeral da Xunta de Galicia.

Quinto.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Facenda, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido no artigo 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou poderase impugnar directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co establecido no artigo 14.2º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 24 de xuño de 2010.

Marta Fernández Currás  
Conselleira de Facenda

## SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

*Resolución do 2 de xuño de 2010, da Dirección de Recursos Humanos, pola que se emprazan as partes interesadas no recurso contencioso-administrativo interposto por Rosa Rodríguez Hermida.*

No Xulgado do Contencioso-Administrativo número dous de Santiago de Compostela tramítase o recurso 126/2010 (procedemento abreviado), interposto por Rosa Rodríguez Hermida contra a resolución desestimatoria do recurso de alzada presentado fronte á Resolución do 30 de xuño de 2009, da Dirección Xerencia de Atención Primaria de Santiago de Compostela, pola que se resolve a convocatoria pública da provisión dos postos de xefaturas de grupo de xestión e servizos do Centro de Saúde de Boiro, Centro de Saúde Concepción Arenal Servizo de Atención Primaria número 1 -quenda de mañá-, Centro de